



Concello de Xinzo de Limia

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DECRETO DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA CONVOCATORIA DUNHA (1) PRAZA ESTRUCTURAL DE EDUCADOR/A SOCIAL, CATEGORÍA B-21, NO SEO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN Ó AMPARO DA D.A. 6ª DA LEI 20/2021

En data 19/11/2024 ditouse decreto de Alcaldía, procedéndose a súa notificación colectiva ex artigo 45.1.b da lei 39/2015, de 1 de outubro, sendo esta do seguinte teor literal:

“DECRETO DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA CONVOCATORIA DUNHA (1) PRAZA ESTRUCTURAL DE EDUCADOR/A SOCIAL, CATEGORÍA B-21, NO SEO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN Ó AMPARO DA D.A. 6ª DA LEI 20/2021

Visto decreto de selección de aspirante e requirimento de documentación ditado na convocatoria dunha praza estrutural de responsable da educador/a social, categoría B-21, no seo do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración ó amparo da D.A 6º da lei 20/2021, do seguinte teor literal:

“Vista a Convocatoria do Proceso de Selección mediante o sistema de concurso de méritos dunha praza estrutural de educador/a social, no marco do Proceso de Estabilización de Emprego Temporal de longa duración ó amparo da D.A. 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense n.º 287 de data 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE nº 2 de data 3/01/2023, e cuxa oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto de alcaldía de data 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense n.º 115 de data 21/05/2022.

Vista acta do tribunal de selección de data 13/11/2024, do seguinte teor literal:

“ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN: ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO RESULTADO DA BAREMACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO CONVOCATORIA DUNHA (1) PRAZA ESTRUCTURAL DE EDUCADOR/A SOCIAL, CATEGORÍA B-21, NO SEO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN Ó AMPARO DA D.A. 6ª DA LEI 20/2021

Reunida a Comisión Avaliadora designada por Decreto da Alcaldía de 09/10/2024, escusa a súa asistencia 3º Vogal, dona Susana Viso Touza, entendéndose o Tribunal validamente constituído en virtude do artigo 17.2 da Lei 40/2015, sendo as 09:11 horas do día 13 de novembro de 2024.

Vista a Convocatoria do Proceso de Selección mediante o sistema de concurso de méritos dunha praza estrutural de educador/a social, categoría B-21, no marco do Proceso de Estabilización de Emprego Temporal de longa duración ó amparo da D.A. 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense n.º 287 de data 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE nº 2 de data 3/01/2023, e cuxa oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto de alcaldía de data 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense n.º 115 de data 21/05/2022.

Visto decreto de aprobación provisional de listaxe de admitidos e excluídos publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia o 11/07/2024, e visto que expirado o prazo de presentación de reclamacións ou subsanacións, publicouse no taboleiro de anuncio decreto de aprobación de listaxe definitiva de admitidos e excluídos e nomeamento do tribunal en data 09/10/2024.

Vista ACTA PROVISIONAL TRIBUNAL DE SELECCIÓN: RESULTADO DA BAREMACIÓN de data 24/10/2024.

Transcorrido o prazo de subsanacións e alegacións sen que se presentara subsanación ou





Concello de Xinzo de Limia

alegación algunha.

Procedese ó desenvolvemento da sesión coa seguinte orde do día.

1) Elevación a definitiva da puntuación dos méritos das persoas candidatas admitida e determinación definitiva da aspirante con maior puntuación.

2) Proposta de nomeamento do aspirante con maior puntuación.

1) Elevación a definitiva da puntuación dos méritos das persoas candidatas admitida e determinación definitiva da aspirante con maior puntuación.

O RESULTADO DA BAREMACIÓN DEFINITIVA é o seguinte:

Apelidos e nome	Puntuación total/máxima servicios	Puntuación total/máxima formación	Puntuación total
Angélica Cid Lorenzo	0	10	10
Concepción Blanco Blanco	90	10	100
Marta Joga Cid	0	10	10

Xa que logo a relación de aspirantes por orde de puntuación é a seguinte:

DNI	Apelidos e nome	Puntuación total/máxima servicios	Puntuación total/máxima formación	Puntuación total
***6844**	Concepción Blanco Blanco	90	10	100
***9604**	Angélica Cid Lorenzo	0	10	10
***2681**	Marta Joga Cid	0	10	10

Segundo a base novena das que rexen a convocatoria “Concluída a valoración de méritos o Tribunal publicará no Taboleiro Electrónico do Concello a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e, tras a realización da correspondente proba de galego de ser preciso, elevará o órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior ó de prazas convocadas”

Neste caso non é necesaria a realización da proba de galego pois o aspirante xa ten acreditado o coñecemento do idioma galego polo que neste momento procede realizar a proposta de nomeamento.

2) Proposta de nomeamento do aspirante con maior puntuación.

De conformidade coa base novena das que rexen a convocatoria na que se refire expresamente: “Concluída a valoración de méritos o Tribunal publicará no Taboleiro Electrónico do Concello a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e, tras a realización da correspondente proba de galego de ser preciso, elevará o órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior ó de prazas convocadas”, mediante a presente, o Tribunal de Baremación, por unanimidade dos seus membros, **propón ó órgano competente o nomeamento da aspirante seleccionada con maior puntuación, sendo esta o seguinte:**

DNI	Apelidos e nome	Puntuación total/máxima servicios	Puntuación total/máxima formación	Puntuación total
***6844**	Concepción Blanco	90	10	100





Concello de Xinzo de Limia

	Blanco			
--	---------------	--	--	--

(...)"

RESOLVO

1) Sinalar que a aspirante seleccionada no proceso de estabilización de emprego para a cobertura dunha praza estrutural de educador/a social, categoría B-21, será de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de Selección en Acta de data 13 de novembro do 2024 o seguinte:

DNI	Apelidos e nome	Puntuación total/máxima servicios	Puntuación total/máxima formación	Puntuación total
***6844**	Concepción Blanco Blanco	90	10	100

2) Advertir á aspirante seleccionada que, para efectuar o seu nomeamento como educador/a social (persoal laboral fixo), será precisa a achega no prazo de vinte días naturais da documentación recollida na cláusula décimo primeira das bases xerais reguladoras do proceso de estabilización, sendo esta a seguinte:

- Declaración xurada ou promesa de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

- Certificado médico que acredite a capacidade funcional do aspirante para o desemprego das tarefas habituais da praza.

Asemade, deberán aportar no mesmo prazo outorgado, tarxeta da Seguridade social e nº de conta bancaria.

3) Advertir que non poderán ser nomeado persoal laboral fixo o aspirante que dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non presente a documentación anteriormente referida ou cando do exame da mesma dedúzase que carece dalgún dos requisitos esixidos.

4) Dar conta da presente resolución ó Plenario municipal."

Visto que a aspirante seleccionada presentou a documentación requirida en prazo.

RESOLVO

1. Contratar como persoal laboral fixo para a cobertura dunha praza de educador/a social, categoría B-21, convocada no seo do proceso de estabilización do Concello de Xinzo de Limia, á aspirante dona Concepción Blanco Blanco, con DNI *6844**.**

2. Comunicar á aspirante seleccionada que debe acudir a formalizar a correspondente contratación como persoal laboral fixo no Departamento de Persoal do Concello no prazo de dez días naturais a contar dende a publicación deste decreto na sede electrónica, sen prexuízo da publicación no BOP.

3. Notificar o presente decreto ó Departamento de Persoal e a asesoría laboral do Concello de Xinzo de Limia.

4. Publicar a presente resolución no BOP para xeral coñecemento.(...)"

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante á Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento





Concello de Xinzo de Limia

administrativo común das administracións públicas ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo. Igualmente poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente y sexa conforme a dereito.





Concello de Xinzo de Limia

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DECRETO DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA CONVOCATORIA DUNHA (1) PRAZA ESTRUCTURAL DE MESTRE EDUCADOR/A, CATEGORÍA B-21, NO SEO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN Ó AMPARO DA D.A. 6ª DA LEI 20/2021

En data **19/11/2024** ditouse decreto de Alcaldía , procedéndose a súa notificación colectiva ex artigo 45.1.b da lei 39/2015, de 1 de outubro, sendo esta do seguinte teor literal:

“DECRETO DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA CONVOCATORIA DUNHA (1) PRAZA ESTRUCTURAL DE MESTRE EDUCADOR/A, CATEGORÍA B-21, NO SEO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN Ó AMPARO DA D.A. 6ª DA LEI 20/2021

Visto decreto de selección de aspirante e requirimento de documentación ditado na convocatoria dunha praza estrutural de mestre educador/a, categoría B-21, no seo do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración ó amparo da D.A 6º da lei 20/2021, do seguinte teor literal:

“Vista a Convocatoria do Proceso de Selección mediante o sistema de concurso de méritos dunha praza estrutural de mestre educador/a, categoría B-21, no marco do Proceso de Estabilización de Emprego Temporal de longa duración ó amparo da D.A. 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense n.º 287 de data 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE nº 2 de data 3/01/2023, e cuxa oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto de alcaldía de data 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense n.º 115 de data 21/05/2022.

Vista acta do tribunal de selección de data 05/11/2024, do seguinte teor literal:

“Reunida a Comisión Avaliadora designada por Decreto da Alcaldía de 09/10/2024 na Sala de Xuntas da Casa do Concello, escusa a súa asistencia o 3º vogal, don Carlos Castiñeiras Rois, entendéndose o Tribunal validamente constituído en virtude do artigo 17.2 da Lei 40/2015, sendo as 09:51 horas do día 05 de novembro de 2024.

Vista a Convocatoria do Proceso de Selección mediante o sistema de concurso de méritos dunha praza estrutural de Mestre Educador/a, categoría B-21, no marco do Proceso de Estabilización de Emprego Temporal de longa duración ó amparo da D.A. 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense n.º 287 de data 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE nº 2 de data 3/01/2023, e cuxa oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto de alcaldía de data 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense n.º 115 de data 21/05/2022.

Visto decreto de aprobación provisional de listaxe de admitidos e excluídos publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia o 12/07/2024, e visto que expirado o prazo de presentación de reclamacións ou subsanacións, publicouse no taboleiro de anuncio decreto de aprobación de listaxe definitiva de admitidos e excluídos e nomeamento do tribunal en data 09/10/2024.

Vista **ACTA PROVISIONAL TRIBUNAL DE SELECCIÓN: RESULTADO DA BAREMACIÓN** de data 15/10/2024.

Transcorrido o prazo de subsanacións e alegacións sen que se presentara subsanación ou alegación algunha.

Procedese ó desenvolvemento da sesión coa seguinte orde do día.





Concello de Xinzo de Limia

1) **Elevación a definitiva da puntuación dos méritos das persoas candidatas admitida e determinación definitiva da aspirante con maior puntuación.**

2) **Proposta de nomeamento do aspirante con maior puntuación.**

1) **Elevación a definitiva da puntuación dos méritos da persoa candidata admitida e determinación definitiva do aspirante con maior puntuación.**

O RESULTADO DA BAREMACIÓN DEFINITIVA é o seguinte:

Apelidos e nome	Puntuación total/máxima servicios	Puntuación total/máxima formación	Puntuación total
José Losada Enríquez	90	10	100

Segundo a base novena das que rexen a convocatoria “Concluída a valoración de méritos o Tribunal publicará no Taboleiro Electrónico do Concello a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e, tras a realización da correspondente proba de galego de ser preciso, elevará o órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior ó de prazas convocadas”

Neste caso non é necesaria a realización da proba de galego pois o aspirante xa ten acreditado o coñecemento do idioma galego polo que neste momento procede realizar a proposta de nomeamento.

2) **Proposta de nomeamento do aspirante con maior puntuación.**

De conformidade coa base novena das que rexen a convocatoria na que se refire expresamente: “Concluída a valoración de méritos o Tribunal publicará no Taboleiro Electrónico do Concello a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e, tras a realización da correspondente proba de galego de ser preciso, elevará o órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior ó de prazas convocadas”, mediante a presente, o Tribunal de Baremación, por unanimidade dos seus membros, **propón ó órgano competente o nomeamento da aspirante seleccionada con maior puntuación, sendo esta o seguinte:**

Apelidos e nome	Puntuación total/máxima servicios	Puntuación total/máxima formación	Puntuación total
José Losada Enríquez	90	10	100

(...)”.

RESOLVO

1) Sinalar que o aspirante seleccionado no proceso de estabilización de emprego para a cobertura dunha praza estrutural de mestre educador/a, categoría B-21, será de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de Selección en Acta de data 05 de novembro do 2024 o seguinte:

Apelidos e nome	Puntuación total/máxima servicios	Puntuación total/máxima formación	Puntuación total
José Losada Enríquez	90	10	100

2) Advertir ó aspirante seleccionado que, para efectuar o seu nomeamento como mestre educador (persoal laboral fixo), será precisa a aportación no prazo de vinte días naturais da documentación recollida na cláusula décimo primeira das bases xerais reguladoras do proceso de estabilización, sendo esta a seguinte:

- Declaración xurada ou promesa de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de





Concello de Xinzo de Limia

ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

.- Certificado médico que acredite a capacidade funcional do aspirante para o desemprego das tarefas habituais da praza.

Asemade, deberán aportar no mesmo prazo outorgado, tarxeta da Seguridade social e nº de conta bancaria.

3) Advertir que non poderán ser nomeado persoal laboral fixo a aspirante que dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non presente a documentación anteriormente referida ou cando do exame da mesma dedúzase que carece dalgún dos requisitos esixidos.

4) Dar conta da presente resolución ó Plenario municipal.”

Visto que o aspirante seleccionado presentou a documentación requirida en prazo.

RESOLVO

1. Contratar como persoal laboral fixo para a cobertura dunha praza de mestre educador/a, categoría B-21, convocada no seo do proceso de estabilización do Concello de Xinzo de Limia, ó aspirante D. José Losada Enríquez, con DNI *3906**.**

2. Comunicar ó aspirante seleccionado que debe acudir a formalizar a correspondente contratación como persoal laboral fixo no Departamento de Persoal do Concello no prazo de dez días naturais a contar dende a publicación deste decreto na sede electrónica, sen prexuízo da publicación no BOP.

3. Notificar o presente decreto ó Departamento de Persoal e a asesoría laboral do Concello de Xinzo de Limia.

4. Publicar a presente resolución no BOP para xeral coñecemento.(...).”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante á Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo. Igualmente poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente y sexa conforme a dereito.

